

Texto: **MON DAPORTA**
 Ilustracións: **ÓSCAR VILLÁN**

Cartón duro. 14 páxinas en color. 17,5x22 cm.

Dispoñible en:

- Galego: "Un becho estraño"
ISBN 978-84-96957-66-4
- Castelán: "Un bicho extraño"
ISBN 978-84-96957-67-1
- Portugués: "Um bicho estranho"
ISBN 978-989-8205-16-2

Prezo: 8 €

UN BECHO ESTRAÑO

**Mira que mira mirando,
 atopei un becho estraño,
 coa feitura dun ovo:
 gordo arriba, abaixo fraco.
 Tiña por riba dous pés,
 entre os pés un longo rabo...**

Libro de pequeno formato que segue a fórmula dos chamados "contos sen fin". Un conto para contar, no que son fundamentais a rima e o ritmo, a partir dunha estrutura de oito sílabas, que se mantén ao longo de todo o relato. Malia a súa sinxeleza dende o punto de vista literario e artístico, este libro destaca polo "xogo" que dá cos nenos e nenas, que descubrirán con el a función lúdica da lectura. Porque pasando as páxinas ata o final e dándolle a volta ao conto...

MON DAPORTA (Cambados, 1952)

É docente dende hai máis de tres décadas e actualmente traballa como profesor de Educación Primaria no CEIP San Tomé de Cambados. Pertence ao colectivo pedagóxico Candeia, que organiza cursos de formación e actividades para educadores. É autor de varios libros infantís e ten participado na elaboración de libros monográficos e enciclopedias temáticas.

ÓSCAR VILLÁN (Ourense, 1972)

Licenciado en Belas Artes, na especialidade de pintura. Co seu primeiro traballo de ilustración para público infantil, "O coelliño branco", editado por KALANDRAKA, recibiu o 1º Premio Nacional de Ilustración 1999. Ao ano seguinte, esta obra foi incluída polo Banco do Libro de Venezuela no catálogo dos 'Mellores Libros para Nenos. Ademais, este álbum está adaptado á linguaxe de pictogramas para a colección 'Makakiños'. Ilustrou outros títulos -tamén en KALANDRAKA- como "A cebra Camila", "Amora" e a colección "Do berce á lúa" para pre-lectores. Dirixe a colección de arte 'Alfabetos'.



- **Temática:** conto rimado sobre un becho
- **Idade recomendada:** dende 3 anos
- **Aspectos destacables:** conto sen fin; xirando o libro, o conto volve comezar; texto rimado; ilustracións sinxelas que contrastan co fondo; tipografía integrada na ilustración